

# BASES PROXECTO IMPULSA 2

## 1. QUE É IMPULSA?

Podemos é un instrumento da xente, feito por e para a xente, un instrumento en constante construción que ten como principal obxectivo o de producir un cambio social que mellore as condicións de vida da cidadanía e do ámbito no que habitamos. Por iso, apostamos por proxectos emprendedores que defendan metas comúns a Podemos, apoiándoos con todas as ferramentas que estean ao noso alcance.

IMPULSA nace para facilitar o desenvolvemento de proxectos emprendedores con proxección social. O apoio ofrecido dende Podemos consiste nunha dotación económica para os proxectos mellor valorados, e na posibilidade de utilizar o Banco de Talentos de Podemos para abrir os proxectos a novos colaboradores. Igualmente, fomentárase que os Círculos de Podemos colaboren cos proxectos gañadores a nivel local co fin de tecer redes e crear sinerxías entre os distintos actores do territorio.

A dotación económica do Proxecto IMPULSA procede do remanente dos cargos públicos electos de Podemos, os cales -co compromiso de ser xente corrente e facer da política un servizo para a sociedade- teñen un límite salarial de tres salarios mínimos. Crear un fondo común que se reparte cada certo tempo permítenos financiar grandes proxectos e iniciativas a nivel territorial.

## B. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten como finalidade o apoio de iniciativas, causas sociais e proxectos que busquen construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e democrática, en España ou no exterior do Estado, no ámbito das seguintes áreas:

- Arte e cultura
- Educación e igualdade
- Inclusión social
- Saúde e deporte
- I+D+i e novas tecnoloxías

- Medio ambiente
- Economía social
- Outras

IMPULSA seguirá reactivándose periódicamente a través de varias ediciones. En cada edición podrán ser modificados tanto o tipo de proxectos que se pretende premiar como a contía dos devanditos premios.

### **C. APORTACIÓN ECONÓMICA GLOBAL**

Nesta segunda edición, contarase cun presuposto total de 300.000 € (véxase o anexo I), que serán distribuídos a partes iguais entre tres categorías: IMPULSA o teu país, IMPULSA o teu ámbito, e Podemos IMPULSA. No caso de non repartir a totalidade do presuposto, o excedente gardarase para futuras edicións. A continuación detállanse as condicións e particularidades de cada unha das categorías.

# 1. CATEGORÍA IMPULSA 1: IMPULSA O TEU PAÍS



## 1. OBXECTIVO

Dende esta categoría preténdese impulsar dous proxectos estatais que teñan como obxectivo contribuír ao desenvolvemento social e avanzar cara a unha sociedade máis xusta, igualitaria e democrática. O ámbito de actuación poderá ser local, aínda que, polas características do proxecto, é recomendable que este teña unha repercusión a longo prazo no conxunto do Estado. Os proxectos competirán a nivel estatal.

## 2. LIÑAS PRIORITARIAS

Os proxectos que se presenten deberán responder ao obxectivo da convocatoria. Ademais, terán que enmarcarse nunha ou dúas (como máximo) das seguintes temáticas:

1. Arte e cultura.
2. Educación e igualdade.
3. Inclusión social.
4. Saúde e deporte.
5. I+D+i e novas tecnoloxías.
6. Medio.
7. Economía social.
8. Outras.

Así mesmo, dende Podemos búscase que os proxectos presentados nesta categoría:

1. Fomenten a participación cidadá.
2. Promovan a educación en valores.
3. Melloren as condicións de vida das persoas en situación de risco de exclusión social.

4. Fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
5. Incentiven un modelo económico local máis sostible.

### **3. APORTACIÓN ECONÓMICA PARA ESTA CATEGORÍA**

Impulsaranse dous proxectos a nivel estatal que recibirán unha dotación económica de ata 50.000 € cada un.

### **4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NESTA CATEGORÍA**

Poderán participar nesta categoría as entidades solicitantes que cumpran cos seguintes requisitos:

1. Estar constituídas legalmente como entidades sen ánimo de lucro que persigan fins de interese social.
2. Estar inscritas no rexistro correspondente.
3. Estar domiciliadas no territorio español e presentar un proxecto que se desenvolva nel.
4. Estar ao corrente das obrigas fiscais e laborais.
5. Demostrar capacidade técnica e humana para desenvolver o proxecto: a entidade e os impulsores do proxecto contan con estrutura e capacidade abondo para xestionar o proxecto seleccionado garantindo a súa viabilidade.
6. Dispoñer de páxina web, blog ou similar con información actualizada.
7. Non se poderán presentar a esta segunda edición do proxecto IMPULSA as entidades que resultaron gañadoras na primeira edición.
8. As entidades solicitantes coñecen e aceptan que o Equipo Técnico de IMPULSA realizará un seguimento dos proxectos aprobados e comprométense a facilitarlle a información que lles sexa requirida sobre o desenvolvemento do proxecto aprobado.

### **5. REQUISITOS FORMAIS PARA A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

A presentación da solicitude farase exclusivamente online. Os solicitantes deberán cubrir o formulario base que se encontra en <http://podemos.info/impulsa/> e achegar nesta plataforma, de forma obrigatoria, a seguinte documentación:

1. Vídeo ou imaxe de presentación do proxecto e unha descrición resumida que non supere os 600 caracteres (con espazos), que aparecerá expostos xunto ao resto da documentación no proceso de selección.
2. Un aval dun Círculo, dun Consello Cidadán ou dunha Secretaría Xeral de Podemos. O límite máximo de avais que cada órgano de Podemos pode achegar a outras iniciativas é de cinco.
3. A Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
4. A inscrición da entidade solicitante no rexistro correspondente.
5. Unha copia dos Estatutos da entidade solicitante debidamente rexistrados.
6. O NIF da persoa que representa a entidade na xestión de proxectos.
7. O certificado da Axencia Tributaria segundo o cal a entidade está ao corrente das obrigas fiscais no momento da presentación do proxecto.
8. O certificado da Seguridade Social segundo o cal a entidade está ao corrente das obrigas laborais no momento da presentación do proxecto.
9. No caso de que a entidade teña unha antigüidade de máis dun ano, achegaranse así mesmo:
  - 9.1. A memoria de actividades do último exercicio da entidade.
  - 9.2. As contas anuais do último exercicio da entidade.

## **6. CRITERIOS DE VALIDACIÓN DOS PROXECTOS**

1. Os criterios de validación dos proxectos son os seguintes:
  - 1.1. O proxecto presentado e a entidade solicitante reúnen todos os requisitos e condicións establecidos nas presentes bases e non vulneran o Código Ético de Podemos nin van en contra da liña político-estratéxica de Podemos.
  - 1.2. A xustificación do proxecto está baseada nunha identificación obxectiva de necesidades.
  - 1.3. A viabilidade técnica queda patente mediante a coherencia e a correspondencia entre os obxectivos definidos, os resultados e as fases de execución do proxecto.
  - 1.4. O presuposto está detallado en todas as súas partidas, coherente cos obxectivos e axustado ás actividades previstas.

- 1.5. A entidade solicitante ten capacidade para desenvolver o proxecto en función da súa experiencia, capacidade de xestión e dispoñibilidade de recursos.
  - 1.6. O deseño do seguimento e a avaliación do proxecto é detallado e coherente.
  - 1.7. O deseño do proxecto permite que os seus resultados sexan sostibles a medio ou longo prazo independentemente da achega de IMPULSA.
2. Suxírense as seguintes recomendacións sobre as características dos proxectos:
    - 2.1. Recoméndase que o proxecto teña un carácter innovador en termos de enfoque ou execución.
  3. Recoméndase que o proxecto teña en consideración a perspectiva de xénero e de medio ambiente.

## **7. IMPORTANTE**

Os gastos que poden ser financiados por IMPULSA serán aqueles que estean relacionados exclusivamente coas actividades que se desenvolverán para levar a cabo o proxecto.

Polo tanto, non serán gastos susceptibles de recibir financiamento por parte de IMPULSA:

1. As propostas que representen unicamente unha axuda económica a unha entidade para os seus gastos correntes de mantemento e funcionamento (aluguer da sede habitual da entidade solicitante, auga, teléfono, electricidade, etcétera), así como para os seus gastos extraordinarios (realización de obras, compra de equipamento para a sede habitual, etcétera).
2. As propostas destinadas exclusivamente á contratación de persoal ou profesionais.
3. Gastos que xustifiquen axudas, estanzas e viaxes do equipo responsable do proxecto que non garden relación co desenvolvemento deste.
4. Pagamento de débedas ou amortización de calquera operación financeira.

## **8. PERÍODO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS**

Será obrigatorio investir a achega económica no proxecto que se presente nunha duración máxima estimada de doce meses<sup>\*1</sup>, cuxo momento de inicio será, como máximo, un mes despois de recibir o primeiro ingreso económico.

---

**1** En casos excepcionais, e baixo xustificación, poderase alongar o período de duración dun proxecto.

Non se poderán imputar gastos anteriores á data de resolución da convocatoria nin posteriores á data de finalización do convenio.

## **9. SISTEMA DE ELECCIÓN DOS PROXECTOS GAÑADORES**

### **Primeira fase: preselección e avaliación (do 8 ao 22 de setembro).**

Co aval do Equipo Técnico de IMPULSA, a Comisión de Garantías Democráticas, o Consello Cidadán Estatal xunto ás Senadoras de Podemos, valoraranse os proxectos presentados en función dos criterios establecidos nas presentes bases e preseleccionaranse un máximo de catro proxectos. Os resultados da preselección faranse públicos na seguinte páxina web: <http://podemos.info/impulsa/>.

### **Segunda fase: votacións (do 13 ao 18 de outubro).**

Abrirase un proceso de votacións para que as persoas inscritas en Podemos poidan elixir dous proxectos gañadores entre os catro preseleccionados.

### **Terceira fase: resultados (22 de outubro).**

Os resultados das votacións poderán ser consultados na páxina web <http://podemos.info/impulsa/>.

As entidades solicitantes serán contactadas por correo electrónico. Recoméndase revisar o correo electrónico con asiduidade durante todo o proceso da convocatoria.

A resolución da convocatoria será inapelable.

## **10. FORMALIZACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**

1. Unha vez comunicada a resolución dos premios, o Instituto 25M e as dúas entidades que presentaron os proxectos gañadores subscribirán un convenio de colaboración suxeito ás condicións das presentes bases e á lexislación vixente.
2. Neste documento, especificaranse os dereitos e obrigas das dúas partes, e os seguintes apartados:
  - 2.1. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
  - 2.2. Importe da axuda concedida.
  - 2.3. Período de imputación das facturas.
  - 2.4. Forma de pagamento.
  - 2.5. Seguimento do proxecto.

3. Os dous proxectos gañadores da categoría IMPULSA 1 recibirán o 50% do total da dotación económica dentro dun prazo máximo de seis meses, que empezará a contabilizar dende o día da publicación dos resultados do proceso de votación e unha vez asinado o convenio de colaboración. O resto do pagamento realizarase en dous prazos: en primeiro lugar, desembolsarase o 40% do total durante o sexto mes de execución do proxecto, unha vez recibido e avaliado polo Equipo Técnico de IMPULSA o informe de situación intermedia do proxecto e a xustificación dos gastos asociada ao primeiro ingreso. O 10% restante entregarase unha vez sexan presentadas e aprobadas a memoria final do proxecto realizado e a xustificación dos gastos.
4. No caso de non achegar a documentación requirida polo Equipo Técnico de IMPULSA e especificadas nas presentes bases, ou no caso de que a memoria non demostre o cumprimento do proxecto presentado, a entidade solicitante e as persoas responsables do proxecto deberán devolver íntegra a dotación económica recibida.
5. Os Consellos Cidadáns, os Círculos e os Equipos de Acción Participativa facilitarán a actuación dos diferentes actores implicados, e, nos casos especificamente requiridos polo Equipo Estatal de Participación de Podemos, formarase un equipo de avaliación periódica co obxectivo de informar de xeito transparente acerca da evolución que experimenten os devanditos casos.



## II. CATEGORÍA IMPULSA 2: IMPULSA O TEU ÁMBITO

### 1. OBXECTIVO

Esta categoría pretende impulsar proxectos territoriais en España e un proxecto no exterior do Estado, que teñan como fin transformar o contexto territorial máis próximo e avanzar cara a unha sociedade máis xusta, igualitaria e democrática.

Ademais, quérese fomentar a mobilización e a creación de ambientes construtivos, nun contexto local, que reúnan a xente para detectar os problemas dos seus territorios e achar solucións de forma colectiva.

### 2. LIÑAS PRIORITARIAS

Os proxectos que se presenten deberán responder ao obxectivo da convocatoria. Ademais, terán que enmarcarse nunha ou dúas (como máximo) das seguintes temáticas:

1. Arte e cultura.
2. Educación e igualdade.
3. Inclusión social.
4. Saúde e deporte.
5. I+D+i e novas tecnoloxías.
6. Medio ambiente.
7. Economía social.
8. Outras.

En relación cos proxectos no exterior do Estado, poderanse presentar proxectos impulsados por persoas de nacionalidade española ou estranxeira que teñan como beneficiarios a emigrantes españois. A temática deberá estar relacionada coa propia emigración.

Así mesmo, dende Podemos búscase que os proxectos presentados nesta categoría:

1. Fomenten a participación cidadá no distrito ou municipio onde se van desenvolver.
2. Promovan a educación en valores.
3. Melloren as condicións de vida das persoas en situación de risco de exclusión social.
4. Fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
5. Incentiven un modelo económico local máis sostible.

### **3. APORTACIÓN ECONÓMICA PARA ESTA CATEGORÍA**

Destinarase un total de 33 proxectos que se distribuirán entre as distintas comunidades autónomas sempre e cando existan, polo menos, cinco proxectos por cada comunidade autónoma. No caso de que non existan cinco proxectos validados nunha comunidade, agrúpanse cos doutra comunidade autónoma e competirán na mesma votación. A dotación económica é de ata 3.000 € por proxecto.

### **4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NESTA CATEGORÍA**

Poderán participar nesta categoría as entidades sen ánimo de lucro ou a cidadanía que non pertenza formalmente a unha asociación e que cumpran cos seguintes requisitos:

1. As entidades deberán estar constituídas legalmente como entidades sen ánimo de lucro que persigan fins de interese social.
2. As entidades deberán estar inscritas no rexistro correspondente.
3. As entidades deberán estar domiciliadas no territorio español e presentar un proxecto que se desenvolva nel, agás para os proxectos no exterior.
4. As entidades deberán estar ao corrente das obrigas fiscais e laborais.
5. Se se presentan cidadáns non asociados formalmente, deberán comprometerse a constituírse como asociación unha vez que se lles comunique que gañaron o premio.
6. Como excepción, e debido ás dificultades burocráticas que poidan encontrarse, as persoas que presenten proxectos dende o exterior non terán que constituír unha asociación.

7. Non se poderán presentar a esta segunda edición as entidades ou colectivos que resultaron gañadores na primeira edición.
8. Os solicitantes coñecen e aceptan que o Equipo Técnico de IMPULSA realice un seguimento dos proxectos aprobados e comprométese a facilitarlle a información que lles sexa requirida sobre o desenvolvemento do proxecto.

## **5. REQUISITOS FORMAIS DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

1. A presentación da solicitude farase exclusivamente vía online. Os solicitantes deberán cubrir o formulario base que se encontra en <http://podemos.info/impulsa/> e achegar nesta plataforma, de forma obrigatoria, a seguinte documentación:
  - 1.1. Vídeo ou imaxe de presentación do proxecto e unha descrición resumida que non supere os 600 caracteres (con espazos), que aparecerá expostos xunto ao resto da documentación no proceso de selección.
  - 1.2. Un aval dun Círculo, dun Consello Cidadán ou dunha Secretaría Xeral de Podemos. O límite máximo de avais que cada órgano de Podemos pode achegar a outras iniciativas é de cinco.
  - 1.3. No caso de que a entidade estea constituída, deberase achegar:
    - 1.3.1. A Tarxeta de Identificación Fiscal.
    - 1.3.2. A inscrición da entidade no rexistro correspondente.
    - 1.3.3. Unha copia dos Estatutos debidamente rexistrados da entidade solicitante.
    - 1.3.4. Un certificado da Axencia Tributaria segundo o cal a entidade está ao corrente das obrigas fiscais no momento da presentación do proxecto.
    - 1.3.5. Un certificado da Seguridade Social segundo o cal a entidade está ao corrente das obrigas laborais no momento da presentación do proxecto.
2. Para os proxectos presentados por residentes no estranxeiro (proxectos no exterior do Estado), os solicitantes deberán achegar:
  - 2.1. DNI ou pasaporte español en vigor.
  - 2.2. Certificado de inscrición no Consulado español do país da súa residencia actual.
  - 2.3. Certificado da Axencia Tributaria española segundo o cal a persoa solicitante está ao corrente das obrigas fiscais no momento da presentación do proxecto.
  - 2.4. Certificado da Seguridade Social española segundo o cal a persoa solicitante está ao corrente das obrigas laborais no momento da presentación do proxecto.
  - 2.5. Certificado bancario de titularidade dunha conta nunha entidade financeira residente en España na que se aboará a axuda.
3. No caso de que o grupo cidadán non estea constituído legalmente en asociación, as persoas solicitantes, polo feito de presentarse a esta convocatoria, aceptan as con-

dicións das presentes bases e comprométense a constituírse en asociación se o seu proxecto resultase gañador.

4. Os proxectos poderán presentarse en calquera das linguas dos diferentes territorios do Estado, para a súa futura publicación dixital, e así mesmo deberá enviarse unha copia en lingua castelá da información cumprida no formulario para o proceso de avaliación por parte do Equipo Técnico de IMPULSA.
5. Para os residentes no estranxeiro e para os proxectos no exterior, o requisito de constituír unha asociación substituirase por un documento de compromiso que deberá ser suscrito polas persoas que formen o grupo de desenvolvemento do proxecto no estranxeiro. Neste documento de compromiso estableceranse as condicións e requisitos formais específicos que, a xuízo do Equipo Técnico, deberán cumprir os solicitantes en función das características do proxecto e das circunstancias particulares do país estranxeiro no que se vaia desenvolver.

## **6. CRITERIOS DE VALIDACIÓN DOS PROXECTOS**

1. Os criterios de validación dos proxectos serán os seguintes:
  - 1.1. O proxecto presentado e a entidade ou colectivo solicitante reúnen todos os requisitos e condicións establecidos nas presentes bases e non vulneran o Código Ético de Podemos nin van en contra da liña político-estratéxica de Podemos.
  - 1.2. A xustificación do proxecto está baseada nunha identificación obxectiva de necesidades.
  - 1.3. A viabilidade técnica queda patente mediante a coherencia e a correspondencia entre os obxectivos definidos, os resultados e as fases de execución do proxecto.
  - 1.4. O presuposto está detallado en todas as súas partidas, coherente cos obxectivos e axustado ás actividades previstas.
  - 1.5. A entidade ou colectivo solicitante ten capacidade para desenvolver o proxecto en función da súa experiencia, capacidade de xestión e dispoñibilidade de recursos.
  - 1.6. O deseño do proxecto permite que os seus resultados sexan sostibles a medio ou longo prazo independentemente da achega de IMPULSA.
2. Suxírense as seguintes recomendacións sobre as características dos proxectos presentados:
  - 2.1. Recoméndase que o premio non sexa inferior ao 20% do presuposto total do proxecto. Polo tanto, recoméndase que o presuposto total non sexa maior de 15.000 €.
  - 2.2. Recoméndase que o proxecto teña un carácter innovador en termos de enfoque ou execución.
  - 2.3. Recoméndase que o proxecto teña en consideración a perspectiva de xénero e de medio ambiente.

## 7. IMPORTANTE

Os gastos que poden ser financiados por IMPULSA serán aqueles que estean relacionados exclusivamente coas actividades que se desenvolverán para levar a cabo o proxecto. Polo tanto, non serán gastos susceptibles de recibir financiamento por parte de IMPULSA:

1. As propostas que representen unicamente unha axuda económica a unha entidade para os seus gastos correntes de mantemento e funcionamento (aluguer da sede habitual da entidade solicitante, auga, teléfono, electricidade, etcétera), así como para os seus gastos extraordinarios (realización de obras, compra de equipamento para a sede habitual, etcétera).
2. As propostas destinadas exclusivamente á contratación de persoal ou profesionais.
3. Gastos que xustifiquen axudas, estanzas e viaxes do equipo responsable do proxecto que non garden relación co desenvolvemento deste.
4. Pagamento de débedas ou amortización de calquera operación financeira.

## 8. PERÍODO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS

Será obrigatorio investir a achega económica no proxecto que se presente nunha duración máxima estimada de seis meses\*<sup>2</sup>, cuxo momento de inicio será, como máximo, un mes despois de recibir o primeiro ingreso económico. Poden presentarse proxectos novos e proxectos que formen parte doutras iniciativas de maior tamaño (neste caso sería necesaria a presentación do proxecto marco; e o responsable de cumprir cos requisitos temporais será o proxecto gañador).

Non se poderán imputar gastos anteriores á data de resolución da convocatoria nin posteriores á data de finalización do convenio.

## 9. SISTEMA DE ELECCIÓN DOS PROXECTOS GAÑADORES

### **Primeira fase: preselección e avaliación (do 8 ao 22 de setembro).**

O Equipo Técnico de IMPULSA encargarse de analizar e avaliar os proxectos para determinar se cumpren cos requisitos formais de presentación, se se axustan ao Código Ético e se os termos cos que se indexaron son correctos. Para calquera modificación necesaria se habilitará un prazo de emenda de erros que está reflectido no calendario da convocatoria.

---

**2** En casos excepcionais, e baixo xustificación, poderase alongar o período de duración dun proxecto.

Para que se constituía a categoría de IMPULSA 2 en cada comunidade autónoma, será necesario que se presenten como mínimo cinco proxectos que contengan a validación do Equipo Técnico de IMPULSA. No caso de que non se chegue ao mínimo de cinco proxectos por cada comunidade, agruparanse cos doutra comunidade autónoma e competirán na mesma votación.

**Segunda fase: votacións (do 13 ao 18 de outubro).**

As persoas inscritas en Podemos que participen nas votacións -mediante un sistema aberto, democrático e transparente- elixirán os proxectos gañadores desta categoría. Será un sistema de votación dual, nunha soa fase, na que se elixirán aos proxectos gañadores mediante este mecanismo de elección entre varias comparacións.

**Terceira fase: resultados (22 de outubro).**

Os resultados das votacións poderán ser consultados na páxina web <http://podemos.info/impulsa/> o 22 de outubro.

As entidades ou colectivos solicitantes serán contactados por correo electrónico. Recoméndase revisar o correo electrónico con asiduidade durante todo o proceso da convocatoria.

A resolución da convocatoria será inapelable.

## **10. FORMALIZACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**

1. Unha vez comunicada a resolución dos premios, o Instituto 25M e cada unha das entidades con proxectos premiados subscribirán un convenio de colaboración suxeito ás condicións das presentes bases e á lexislación vixente. É importante recordar que este convenio poderá ser asinado unicamente por entidades constituídas legalmente.

Por esta razón, os colectivos que non estean constituídos deberán realizar os trámites para o rexistro da asociación antes de asinar o convenio.

Neste documento especificaranse os dereitos e obrigas das dúas partes, e os seguintes apartados:

1. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
2. Importe da axuda concedida.
3. Período de imputación das facturas.
4. Forma de pagamento.

5. Seguimento do proxecto.

2. No caso dos residentes no estranxeiro e para os proxectos no exterior, este documento de colaboración subscribirano as persoas que formen o grupo de desenvolvemento do proxecto no estranxeiro e que asinasen ademais o documento de compromiso coas condicións e requisitos formais específicos que, a xuízo do Equipo Técnico de IMPULSA, deban cumprir os solicitantes en función das características do proxecto e das circunstancias particulares do país estranxeiro no que se vaia desenvolver.
3. C. Os proxectos gañadores da categoría de IMPULSA o teu ámbito recibirán o 80% do total da dotación económica durante un prazo máximo de seis meses dende o día da publicación dos resultados do proceso de votación e unha vez asinado o convenio de colaboración. O importe restante entregarase tras a recepción da memoria final do proxecto realizado e a xustificación dos gastos, e unha vez que sexa avaliado por parte do Equipo Técnico de IMPULSA o proxecto na súa totalidade.
4. D. No caso de non achegar a documentación requirida polo Equipo Técnico de IMPULSA e especificada nas presentes bases, ou no caso de que a memoria non demostre o cumprimento do proxecto presentado, a entidade solicitante e as persoas responsables do proxecto deberán devolver íntegra a dotación económica recibida.
5. E. Os Consellos Cidadáns, os Círculos e os Equipos de Acción Participativa facilitarán a actuación dos diferentes actores implicados, e, nos casos especificamente requiridos polo Equipo Estatal de Participación de Podemos, poderase formar un equipo de avaliación periódica co obxectivo de informar de xeito transparente acerca da evolución que experimenten os devanditos casos.



## III. CATEGORÍA IMPULSA 3. PODEMOS IMPULSA

### 1. OBXECTIVO

Para esta categoría destinarase un total de 100.000 €, que se repartirán por comunidades autónomas. Os Consellos Cidadáns Autonómicos, xunto aos seus Grupos Parlamentarios Autonómicos ou “Grupos Junteros” (País Vasco), outorgarán os premios desta categoría -como forma de recoñecemento ao seu traballo e en función das súas preferencias político-estratéxicas- ás distintas asociacións, fundacións, colectivos, plataformas ou movementos cidadáns que actúen en favor de causas sociais.

### 2. PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

A elección realizarase por comunidade autónoma. Recoméndase que os Grupos Parlamentarios e os Consellos Cidadáns Autonómicos se coordinen para asignar a cantidade económica a aquelas iniciativas ou proxectos que consideren oportunos. O importe mínimo do premio non poderá ser inferior a 1.000 €. Nos casos nos que a asignación económica por cada comunidade autónoma o permita, poderán escoller por separado o Grupo Parlamentario e o Consello Cidadán Autonómico, repartíndose a partes iguais o total asignado. A xeito de excepción, en Galicia e Cataluña a decisión tomaraa unicamente o Consello Cidadán Autonómico; e no País Vasco tomarán a decisión entre o Consello Cidadán Autonómico e os tres grupos “junteros” (tendo en conta que poderá dividirse a asignación, sempre e cando se respecte o mínimo a repartir).

### 3. FORMALIZACIÓN DO PREMIO CONCEDIDO

Unha vez comunicada a resolución do premio, antes do 22 de xaneiro de 2016, a persoa beneficiaria ou a entidade premiada deberán enviar un correo electrónico a [proyectoimpulsa2@podemos.info](mailto:proyectoimpulsa2@podemos.info) onde se achegue a seguinte documentación e se indiquen os datos a continuación:

1. Nome e apelidos da persoa representante do colectivo ou entidade premiada.
2. DNI/NIE da persoa representante do colectivo ou entidade premiada.
3. No caso de que a entidade estea constituída legalmente, achegar a resolución de inscrición no rexistro correspondente e a Tarxeta de Identificación Fiscal..



4. Número Número CCC da conta bancaria da entidade non lucrativa ou da persoa representante do colectivo onde realizar a correspondente transferencia e certificación da entidade bancaria acreditando a devandita titularidade.

Calquera outro documento que considere oportuno o Equipo Técnico de IMPULSA.

A posteriori, as entidades premiadas e as persoas beneficiarias deberán emitir o certificado da doazón que recibiron por parte do Instituto 25M e enviálo por correo electrónico a [projectoimpulsa2@podemos.info](mailto:projectoimpulsa2@podemos.info).

#### **4. REQUISITOS ÉTICOS E LEGAIS**

1. A Comisión de Garantías Democráticas de Podemos e o Equipo Técnico de IMPULSA encargaranse de comprobar que a entidade ou colectivo premiado cumpre co Código Ético de Podemos e coas condicións das presentes bases.
2. A entidade ou colectivo premiado non poderá ter ánimo de lucro.
3. As entidades ou colectivos premiados na primeira edición non poderán ser premiados nesta segunda edición.
4. Os representantes políticos nas institucións ou membros do Consello Cidadán non poderán propoñer para optar ao premio a unha asociación, fundación, colectivo, plataforma ou movemento cidadán do que sexan representantes legais ou formen parte da xunta directiva ou órganos de coordinación.



## IV. CONDICIÓN XERAIS DA CONVOCATORIA

### 1. CALENDARIO DAS CATEGORÍAS IMPULSA 1 E 2.

- Do 8 ao 22 de setembro: prazo de presentación dos proxectos.
- O período de emendas abrirase o 25 de setembro e pecharase o 1 de outubro.
- Ata o 9 de outubro: revisión e validación dos proxectos.
- 13 de outubro: presentación dos proxectos validados.
- Do 13 ao 18 de outubro: votacións.
- 22 de outubro: presentación dos resultados finais.

### 2. BANCO DE TALENTOS

Ademais da dotación económica, os proxectos gañadores terán á súa disposición o Banco de Talentos de Podemos, a través do cal poderán contar con perfís que lles axuden a desenvolver os seus proxectos. O Equipo Técnico de IMPULSA encargárase de articular e supervisar a relación entre gañadores e talentos, velando sempre por evitar calquera tipo de comportamento que exceda os límites do Código Ético de Podemos. As buscas realizadas efectuaranse, sempre, de acordo ao disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos, e o Equipo Estatal de Participación de Podemos será o mediador obrigatorio entre ofertantes e demandantes.

### 3. DIFUSIÓN

Todos os proxectos deberán incorporar o logotipo da iniciativa IMPULSA nos seus materiais de difusión, publicacións, etcétera. O logotipo do Proxecto IMPULSA pódese encontrar no seguinte enlace: <https://files.podemos.info/I9BzrDA4Uy>.

Con motivo de dar visibilidade aos proxectos, informar sobre o seu desenvolvemento, e compartir e debater as iniciativas, habilitárase un espazo onde as persoas participantes poderán formular debates e incluír suxestións. Este espazo tamén contará cunha área onde as persoas participantes terán a posibilidade de comunicar os seus progresos. A participación neste espazo terase en conta na avaliación dos proxectos por parte do Equipo Técnico de IMPULSA.

Así mesmo, os Círculos, os Consellos Cidadáns a través dos seus respectivos responsables de participación e os inscritos nos Equipos de Acción Participativa (EAPs) procurarán entender e difundir a convocatoria a todos aqueles actores locais que puidesen estar interesados en participar.

#### **4. DEREITOS E OBRIGAS**

1. Podemos resérvase o dereito a non someter un proxecto a votación pública ou suspender a dotación económica (completa ou parcialmente) no caso de que xa tivese sido aprobada, en calquera destes supostos:
  - 1.1. Non se adapten ao formato de presentación proposto.
  - 1.2. Non presenten o aval dun Círculo nos casos nos que se esixe ou demóstrase a falsidade do devandito aval.
  - 1.3. Os solicitantes (ou as súas contrapartes) teñan nos seus estatutos ou en calquera outro material público elementos que vulneren o Código Ético de Podemos.
  - 1.4. Sexan presentados por entidades con ánimo de lucro ou transfiran a entidades con ánimo de lucro unha porcentaxe dos custos do proxecto que o Equipo Técnico de IMPULSA xulgue como inadecuado de acordo aos fins do proxecto.
  - 1.5. Se os solicitantes non cumpren os requisitos específicos en función do tipo de proxecto, non achegan a documentación adicional ou non emendan os defectos, dentro do prazo establecido polo Equipo Técnico de IMPULSA para acreditar a viabilidade técnica, económica ou xurídica do proxecto, segundo se establece no punto 4 destas condicións.
  - 1.6. Non subscribir os documentos, certificados, convenios e compromisos esixidos polo Equipo Técnico de IMPULSA para a formalización das axudas e o inicio dos proxectos.
2. Nos proxectos cun límite de dotación de 3.000 €, os solicitantes comprométese a entregar unha avaliación do proxecto segundo o prazo establecido. Antes de dar inicio ao proxecto, asinarán un compromiso resolutorio segundo o cal, se non se desenvolveu o proxecto, se comprometen a devolver a contía total recibida ou a porcentaxe que estipule o Equipo Técnico.
3. Nos proxectos da categoría 1 de IMPULSA o teu país asinarase un compromiso resolutorio segundo o cal non entregar as avaliacións en tempo e forma suporá, a xuízo do Equipo Técnico, a suspensión das entregas pendentes ou a devolución das xa entregadas.
4. Unha vez que os proxectos gañadores sexan elixidos, o Equipo Técnico de IMPULSA poderá establecer uns requisitos específicos en función do tipo de proxecto, solicitar documentación adicional e requirir emendas co fin de asegurar a viabilidade do proxecto.

5. No caso de invalidación dalgún dos proxectos que fosen seleccionados como gañadores, estes quedarán eliminados e o diñeiro previsto para estes proxectos destinarase ás próximas edicións de IMPULSA.
6. A validación dos proxectos de acordo cos requisitos mínimos establecidos correrá a cargo do Equipo Técnico, que poderá requirir a presenza dun membro da Comisión de Garantías Democráticas de Podemos para velar pola adecuación dos proxectos ás bases e aos requisitos éticos.
7. A participación nesta convocatoria suporá a aceptación dos requisitos que se establecen nas condicións xerais das presentes bases e as particulares que se adapten a cada proxecto impulsado. O incumprimento de calquera destes requisitos suporá a revogación da axuda e a conseguinte devolución da devandita axuda.
8. A Área de Participación de Podemos resérvase o dereito a modificar en calquera momento as presentes bases, así como os premios (a súa substitución ou a súa posible anulación), comprometéndose a publicar as modificacións polos mesmos medios que a convocatoria orixinal.
9. Os solicitantes aceptarán expresamente eximir de responsabilidade tanto a Podemos coma ao Instituto 25M por violación dos dereitos de autor ou de marca por parte de calquera dos participantes, así como da responsabilidade civil derivada da execución do proxecto. En función da actividade, nas condicións particulares do contrato poderase esixir un seguro de responsabilidade civil acorde coa devandita actividade.
10. En caso de incumprimento grave das obrigas do devandito contrato, violación do Código Ético de Podemos, abuso dos fins e principio dos participantes a través do Banco de Talentos, presunta comisión de ilícitos penais ou litixiosidade civil sobre os medios ou fins do proxecto ou alteración dos obxectivos ou medios para levalos a cabo, que motivaron a súa selección e impulso, a Área de Participación de Podemos poderá requirir cantos informes precise acerca do desenvolvemento do proxecto e, en caso de incumprimento grave, poderá de forma unilateral interromper o seu desenvolvemento, solicitar a devolución do importe de acordo ao establecido como compromiso resolutorio para cos requisitos éticos sen prexuízo das accións de carácter xurisdiccional que puidesen levarse a cabo por parte de Podemos e o Instituto 25 M e para as cales se acepta expresamente a súa lexitimación procesual.
11. Todas as obrigas laborais, fiscais e financeiras derivadas do desenvolvemento do proxecto e das axudas económicas aboadas correrán sempre a cargo do perceptor e do titular do proxecto.
12. Podemos resérvase o dereito de anular a convocatoria e suspender a dotación económica en calquera momento se o proxecto resultase inviable dende o punto de vista técnico, económico ou legal, por calquera motivo.

## **5. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

1. De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal infór-mase aos participantes de que os datos persoais que indiquen no formulario de rexis-tro serán incorporados ao ficheiro “Impulsa” do que é responsable o partido político Podemos, con CIF G86976941, que os utilizará para xestionar o proceso de selección e o desenvolvemento do proxecto.
2. Os datos persoais dos participantes non serán cedidos a terceiras persoas nin organis-mos públicos sen o seu consentimento, agás cando a lei estableza a obriga de ceder estes datos ás autoridades.
3. O participante acepta e consente expresamente o tratamento dos seus datos persoais e a recepción de mensaxes e comunicacións electrónicas para os fins indicados.
4. O participante declara e garante que os datos persoais que indicou no formulario de rexistro do seu proxecto son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, que leu este aviso legal sobre protección de datos persoais e que está conforme co seu con-tido.
5. Podemos cumpre con todas as medidas de seguridade para a protección de datos persoais esixidas polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, os parti-cipantes poderán dirixirse por correo electrónico á dirección [lopd@podemos.info](mailto:lopd@podemos.info) e achegar como arquivo anexo unha copia do seu DNI ou documento legal de identi-ficación.

# ANEXO I

## DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO TOTAL ENTRE AS TRES CATEGORÍAS DE IMPULSA 2ª EDICIÓN

### CATEGORÍA IMPULSA 1: IMPULSA O TEU PAÍS

Impulsaranse dous proxectos a nivel estatal cunha dotación económica de ata 50.000 € cada un.

### CATEGORÍA IMPULSA 2: IMPULSA O TEU ÁMBITO

O seguinte cadro ten carácter de guía, posto que, tal e como se indica nas Bases, o total dos 33 proxectos distribuirase entre as distintas comunidades autónomas sempre e cando existan, polo menos, cinco proxectos validados por cada comunidade autónoma. No caso de que non existan, agrúpanse cos doutra comunidade autónoma e competirán na mesma votación. A dotación económica é de ata 3.000 € por proxecto. O importe sobrante destinarase ás próximas edicións de IMPULSA.

	Nº de proxectos gañadores por comunidade autónoma	Importe concedido por comunidade autónoma
Andalucía, Ceuta e Melilla	4	12.000 €
Aragón	2	6.000 €
Asturias, Principado de	2	6.000 €
Baleares, Illas	2	6.000 €
Canarias	2	6.000 €
Cantabria	1	3.000 €
Castela e León	2	6.000 €
Castela-A Mancha	1	3.000 €
Cataluña	3	9.000 €
Comunidade Valenciana	2	6.000 €
Extremadura	1	3.000 €
Galicia/ Galiza	2	6.000 €
Madrid, Comunidade de	3	9.000 €
Murcia, Rexión de	2	6.000 €
Navarra, Comunidade Foral de	1	3.000 €
País Vasco	1	3.000 €
Rioxa, A	1	3.000 €
Exterior	1	3.000 €
<b>TOTAIS</b>	<b>33</b>	<b>99.000 €</b>

### 3. CATEGORÍA IMPULSA 3: PODEMOS IMPULSA

	<b>Importe concedido por comunidade autónoma e Grupo Parlamentario</b>
Andalucía, Ceuta e Melilla	12.500 €
Aragón	6.000 €
Asturias, Principado de	5.000 €
Baleares, Illas	4.500 €
Canarias	5.000 €
Cantabria	3.000 €
Castela e León	5.000 €
Castela-A Mancha	4.500 €
Cataluña	10.500 €
Comunidade Valenciana	7.500 €
Extremadura	3.500 €
Galicia	6.000 €
Madrid, Comunidade de	10.500 €
Murcia, Rexión de	4.500 €
Navarra, Comunidad Foral de	3.500,00 €
País Vasco	5.000,00 €
Rioja, La	3.500,00 €
Grupo Parlamentario	5.000,00 €
<b>Importe Total</b>	<b>105.000,00 €</b>